



# DEZ ANOS DE PROXECTO RÍOS

Dez anos unindo ríos e persoas

DEZ ANOS DE PROXECTO RÍOS  
Dez anos unindo ríos e persoas

**Textos**

Virginia Rodríguez, Ramsés Pérez e Paco Bañobre

**Corrección lingüística**

Belén Rodríguez

**Fotografía**

Ramsés Pérez

**Maquetación**

ReviravoltaDesign

**Publicado por**

Proxecto Ríos

[info@proxectorios.org](mailto:info@proxectorios.org)

[www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)

**Depósito legal****ISBN**

# ÍNDICE

Introdución · 5

O Proxecto Ríos; nacemento e afluentes · 7

As fontes do Proxecto Ríos · 7

Pero que é o Proxecto Ríos? · 8

Participación · 9

Evolución dos grupos · 10

Participación por provincias · 11

Tipoloxía dos grupos · 12

Informe anual. Resumo destes dez anos · 13

Voluntariado e participación · 14

Materiais: Fichas, manual, reactivos... · 15

Formación · 17

Cursos de formación · 18

Saídas formativas · 20

Encontro de voluntariado ambiental · 25

2014. Festa 10 anos do Proxecto Ríos · 31

Roteirríos · 37

O Proxecto Ríos nos medios · 43

O Proxecto Ríos polo mundo adiante · 47

Traballamos en rede · 55

Custodia Fluvial · 57

Campo do Tea · 59

Rede de Custodia fluvial Ulla Umia Lérez · 63

Limpezas de río · 69

Epílogo · 77



Evitemos aborrecidos  
Para evitar lesiones

Evitemos aborrecidos  
Para evitar lesiones

# INTRODUCCIÓN

No ano 2004 o Proxecto Ríos, coordinado en Galiza por ADEGA, comeza a súa andaina coa firme intención de divulgar a situación ambiental dos cursos fluviais, contribuír a incrementar a concienciación ambiental a través da participación cidadá e achegar solucións aos problemas asociados á auga e aos ríos, así como converterse nun referente nos programas de educación e voluntariado ambiental.

Logo de dez anos fluíndo, o proceso de implantación e de consolidación do Proxecto Ríos en Galicia non puido ser máis positivo. Durante este período o interese dos grupos de voluntariado ambiental, base do Proxecto Ríos, por participar e formar parte desta rede ten sido progresivo e constante.

Nese espazo de tempo teñen sido numerosas as actividades desenvolvidas ao longo do país arredor dos ríos e as persoas, así como o interese dos medios de comunicación. Porén, o Proxecto Ríos ten ido máis aló dos nosos límites administrativos e participou en diferentes foros, congresos e xuntanzas (Brasil, Cantabria, Málaga, Lisboa, Cabo Verde, Murcia, Açores, etc.).

Igualmente é fundadora da *Red Ibérica de Proyecto Ríos*, iniciativa impulsada polas diferentes entidades que estamos a desenvolver o Proxecto Ríos nos seus respectivos territorios e que ten como finalidade a creación de sinerxías que redunden na mellora da coordinación entre os proxectos e na organización de actividades de forma conxunta.

Poderíamos concluír dicindo que os obxectivos propostos hai dez anos cumpríronse en cantidade e pensamos que tamén en calidade, situación que non nos fai caer na autocompracencia, senón que nos motiva a afrontar novos retos e a mellorar as nosas accións, así como a ser máis eficientes no desenvolvemento das mesmas. É un bo momento para pararse, reflexionar e mirar o treito de río navegado para coller folgos e reorientar o fluír para os vindeiros anos.







# O PROXECTO RÍOS; NACEMENTO E AFLUENTES

## As fontes do Proxecto Ríos

No ano 2000, ao abeiro da normativa eléctrica, proliferaron en Galiza as intencións de poñer os nosos ríos ao servizo da produción de electricidade. Constituíu o maior atentado para os ecosistemas fluviais e representou a definitiva sentenza, letal para a vida dos nosos ríos. ADEGA fixo un importante esforzo para dar a coñecer á poboación en xeral este atentado contra o noso medio natural e impulsou e promocionou, xunto con outros colectivos sociais, a Iniciativa Lexislativa Popular en Defensa dos Ríos, que supuxo a recollida de 40.000 sinaturas validadas diante do Parlamento con querendo a aprobación dunha lei de protección fluvial.

O Proxecto Ríos xorde en Catalunya no ano 1997 da man da Asociación Hàbitats, e foi en 2004 cando ADEGA comezou a promover esta iniciativa de educación e voluntariado ambiental en Galiza, mediante a colaboración da Fundació Territori i Paisatge. Na actualidade o proxecto conta co financiamento de Augas de Galicia e con colaboracións da Confederación Hidrogràfica Miño-Sil. Ao longo destes anos, o Proxecto Ríos ten aumentado o seu caudal a través de programas específicos entre os que destacan os Campos de voluntariado ambiental do río Tea, centrados na eliminación de Especies Exóticas Invasoras, a creación da Rede de Custodia Fluvial Ulla Umia Lérez ou as Limpezas Simultáneas de Río, onde a custodia fluvial é a ferramenta central.





## Pero que é o Proxecto Ríos?

O Proxecto Ríos é un programa de educación e voluntariado ambiental que basea o seu labor en tres piares fundamentais: a importancia da educación ambiental para dar a coñecer os ecosistemas acuáticos e promover comportamentos que redunden na súa conservación; a constancia do traballo co voluntariado ambiental que se fai responsábel dun treito de río; e o fomento da participación cidadá como ferramenta fundamental que permita camiñar cara a unha sociedade máis sensibilizada e capacitada para emprender accións de protección e mellora destes ecosistemas.

A participación no Proxecto Ríos, tanto a nivel particular como de diferentes entidades, concrétase na realización de dúas inspeccións anuais de río, unha na primavera e outra no outono. As inspeccións consisten na análise das características biolóxicas, físico-químicas, hidromorfolóxicas e patrimoniais dos ecosistemas fluviais, empregando os materiais proporcionados de forma gratuíta polo Proxecto Ríos. Cos datos obtidos elabórase anualmente o *Informe do estado de saúde dos ríos galegos*.

O voluntariado ambiental do Proxecto Ríos é a peza fundamental desta iniciativa. Sen o seu labor, o proxecto non tería acadado a actual repercusión e, grazas á súa participación, ten aumentado e diversificado as propostas e accións desenvolvidas nos ecosistemas fluviais.



A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) é unha asociación ecoloxista democrática, independente e sen ánimo de lucro que traballa na defensa do medio ambiente galego e global desde 1976. ADEGA avoga por un modelo de desenvolvemento ecoloxicamente sustentábel e socialmente xusto, sen destrución ambiental e que reduza as desigualdades dentro de cada país e entre países.

ADEGA é unha das asociacións de defensa ambiental máis activas e con maior implantación do noso país, cunha experiencia de traballo de 40 anos. O noso traballo céntrase en Galiza, sen por iso deixar de ter unha visión global da problemática ambiental e de exercer, na medida das nosas posibilidades, a solidariedade coas loitas ambientalistas doutros pobos.

ADEGA entende que a diversidade biolóxica ten o seu reflexo na diversidade cultural e que ambas deben ser preservadas. Isto supón, no noso caso, asumir un compromiso coa defensa da cultura e a lingua propias de Galiza.

# PARTICIPACIÓN




## Evolución dos grupos


O Proxecto Ríos é esencialmente unha iniciativa de participación cidadá e de intervención socioambiental.

Dende a posta en marcha do Proxecto Ríos a participación de persoas e entidades foi continua. Na **gráfica 1** pódese ver a evolución dos grupos que forman este proxecto. Se ben non todos os grupos participan todos os anos debido a diferentes cuestións, o seu compromiso lévaos a seguir formando parte da rede.

Na actualidade contamos con máis de 300 grupos de voluntarios participando no Proxecto Ríos que se desglosan, por provincias, tal e como aparece na **gráfica 2**. En 2010, coa edición dos novos materiais e cambio de metodoloxía, realizouse unha actualización da base de datos do Proxecto Ríos que repercutiu no número de participantes. Porén, podemos concluír que nesta década teñen participado máis de 400 grupos.

Gráfica 1





Gráfica 2

## Participación por provincias

A maior participación dáse nas zonas costeiras das provincias de A Coruña e Pontevedra xa que é onde se concentra boa parte da poboación galega. Se ben este feito pode dar a imaxe de certa “descompensación territorial” dos grupos, é de interese remarcar que é nesas zonas onde os ecosistemas fluviais sufren maior presión e polo tanto é preciso un maior esforzo para achegar a cidadanía aos ríos.

Este feito non impediu que dende a coordinación do Proxecto Ríos houbo un empeño en facer que as zonas do interior do país estivesen representadas nesta iniciativa e moitas e diversas actividades realizáronse nas provincias de Lugo e Ourense.


## Tipoloxía dos grupos


A distribución por tipoloxías dos grupos participantes no Proxecto Ríos amósase na **gráfica 3**. Particulares, asociacións e institutos de ensino secundario son os grupos que máis representación teñen no proxecto. As asociacións experimentaron un crecemento significativo, adheríndose algunhas que non teñen entre os seus obxectivos principais a defensa do medio, senón unha vertente máis cultural e/ou etnográfica, o que pon de manifesto a versatilidade e accesibilidade do proxecto.

É importante destacar que unha das maiores porcentaxes sexa a de particulares, (apartado no que se engade a familias, amigos, coñecidos, etc), ... aos que non adoitan ir dirixidas actividades de educación ambiental.

A participación no Proxecto Ríos ábrelles a posibilidade de formar parte dun proxecto permanente.

Gráfica 3





## Informe anual. Resumo destes dez anos

Un dos compromisos que adquire o voluntariado á hora de participar no Proxecto Ríos é o de enviar á coordinación do proxecto os resultados das súas inspeccións. Con estes datos, dende o Proxecto Ríos, realizase un tratamento estatístico para concluír cal é o estado xeral dos ríos estudados polo voluntariado participante. Este traballo ten, por unha banda, o obxectivo de poñer en valor as actividades de inspección que realiza o voluntariado, e por outra, informar á sociedade do estado de saúde ou da calidade dos nosos ecosistemas fluviais.

Dende o inicio do proxecto, agás en 2004, que foi o ano no que o programa funcionou como experiencia piloto, publicáronse nove informes anuais sobre o estado de saúde dos ríos galegos. Como resumo dos informes realizados até o de agora, podemos dicir que:

Os ríos están ben no seu nacemento e van empeorando a medida que pasan por entidades de poboación. Aínda así, e despois de dez anos de informes, podemos dicir que os ríos, teñen mellorado en canto a súa calidade da auga e teñen empeorado en canto á situación do bosque de ribeira.



## Materiais: fichas, manual, reactivos...

O voluntariado participante conta cun material específico para o desenvolvemento das actividades de inspección de río. O material gratuíto para os grupos consta de Fichas de identificación de flora e fauna, Manual de Inspección Básica de Río e reactivos químicos para a análise da calidade da auga. O voluntariado ten ademais a posibilidade de solicitar, en préstamo, unha mochila co material completo para a realización das inspeccións: disco de sechi, termómetro, pinzas, lupas, bandexas, trueiro, botas, cinta métrica e placas de Petri.

Ademais, editáronse tres cartazes sobre diferentes aspectos dos ecosistemas fluviais: Biodiversidade, Macroinvertebrados e a Zonificación legal dos ríos.

Coincidindo con estes dez anos editouse un Manual de Custodia Fluvial, que permite ás entidades que forman parte do Proxecto Ríos desenvolver iniciativas de custodia do territorio no medio fluvial.









# FORMACIÓN

A capacitación é unha das dimensións cruciais para que funcione de forma correcta unha entidade de voluntariado ambiental e para que chegue a bo porto un programa ou un proxecto concreto. O voluntario debe estar formado para a actividade e informado perfectamente do que se lle require. Tamén é un requisito indispensable que a formación estea ligada a proxectos de actuación e á dinámica organizativa, polo que é imposible unha formación xeral.

Ricardo de Castro (.....)



A formación do voluntariado ambiental que participa no Proxecto Ríos é unha prioridade ao entendermos que as persoas que van a saír ao río deben estar capacitadas para desenvolver a súa tarefa. Por este motivo, o voluntariado participante recibe unha formación xeral sobre o Proxecto Ríos así como unha formación específica sobre outras cuestións que atinxen directamente ao seu traballo no río. Proxectos específicos como poden ser os campos de voluntariado ambiental do Tea para a eliminación de flora exótica invasora van acompañados sempre dunha formación previa sobre diferentes aspectos como voluntariado ambiental, biodiversidade e especies exóticas invasoras.



Dende o Proxecto Ríos tentase que todas as persoas que se suman á iniciativa asistan a algunha das propostas formativas, ben sexa participando nos cursos de formación, mediante as saídas formativas, ou participando nas dúas.

## Cursos de formación

Os cursos de formación son o espazo no que se pretende capacitar aos participantes do Proxecto Ríos na metodoloxía do proxecto, para levar adiante o seu traballo dun xeito sinxelo. Por outra banda, cumpren a función de intercambio de experiencias e de coñecemento entre o persoal técnico do Proxecto Ríos e os participantes así como do voluntariado ambiental entre si.

Anualmente realízanse dous cursos de formación coincidindo cada un deles co inicio da campaña de primavera e de outono, e a incorporación dos novos grupos ao proxecto. Desenvólvense ao longo dun día, adicando parte da sesión da mañá a cuestión xerais do proxecto (presentación de novos materiais, actividades en marcha, etc.), así como a traballar temáticas máis específicas demandadas polos participantes. A sesión da tarde céntrase no recoñecemento de macroinvertebrados, especies bioindicadoras fundamentais para o desenvolvemento do Proxecto Ríos.

Ano	Curso	Data	Temática	Ponente
2005	Primavera I	02/04	Proxecto Ríos	Virginia Rodríguez (Proxecto Ríos)
	Outono II	09/04	Macroinvertebrados como bioindicadores	Rufino Vieira (EHEC)
2006	Primavera III	05/05	Invasoras dos ríos galegos	Mª Xosé Servia García e Javier Sánchez Hernández (EHEC)
	Outono IV	30/09	Localización do treito de río	Ramsés Pérez (Proxecto Ríos)
2007	Primavera V	21/04	Directiva Marco da Auga Sistemas de depuración por humidais	Maria José Servia (EHEC) e Virginia Rodríguez Álvarez (Proxecto Ríos)
	Outono VI	22/09	As cianobacterias, floracións e problemas toxicolóxicos	Maria Xosé Servia (EHEC)

Ano	Curso	Data	Temática	Ponente
2008	Primavera VII	19/04	Especies exóticas invasoras dos ríos galegos	Xurxo Mouriño (Arcea)
	Outono VIII	27/09	Recoñecemento dos anfibios e as súas problemáticas	Cesar Ayres (AHE)
2009	Primavera IX	18/04	Recoñecemento de indicadores do estado do bosque de ribeira (QBR, QRISI)	Rufino Vieira (EHEC)
	Outono X	26/09	Efectos do Cambio Climático na ictiofauna continental: que lle está a ocorrer aos ameneiros?	Rufino Vieira (EHEC)
2010	Primavera XI	17/04	Dinámica participativa para avaliación dos Materiais	Proxecto Ríos
	Outono XII	2/10	Índices hidromorfolóxicos: o IHF	Rufino Vieira (EHEC)
2011	Primavera XIII	30/10	A Custodia Fluvial: Dinámica participativa para a elaboración do manual de inspección	Proxecto Ríos
	Outono XIV	1/10	Manexo da nova aplicación informática do Proxecto Ríos	SIXTEMA
2012	Primavera XV	5/05	Anfibios e réptiles dos ríos galegos	Martiño Cabana (AGCT-UDC)
	Outono XVI	29/09	Os peixes dos ríos galegos.	Rufino Vieira (EHEC)
2013	Primavera XVII	27/04	Educación ambiental e voluntariado ambiental nos cursos fluviais -Seminario de voluntariado en ríos. -Iniciativas e actividades de educación ambiental.	Pilar Monterrubio. (CENEAM) Ramsés Pérez. (Proxecto Ríos)
	Outono XVIII	28/09	Introdución á vexetación e á flora dos ríos galegos	Xurxo Mouriño (Arcea)
2014	Primavera XIX	26/04	Redes e Programas de Seguimento: Atlas de mamíferos e redes de seguimento e Plataforma <a href="http://www.biodiversidade.eu">www.biodiversidade.eu</a>	Xosé Pardavila (GEAS) Roi Carbajal (USC)
	Outono XX	27/09	Presentación do LIFE Margal Ulla.	Jesús Santamarina (DXCN) Paz Ondina (USC)
2015	Primavera XXI	18/04	Sondeo de Lontra.	Rafael Romero (USC)
	Outono XXII	26/10	Identificación de ninfas de Odonatos.	Mª Teresa Couto (EHEC)

As xornadas de formación do Proxecto Ríos foron un éxito en canto a participación. A meirande parte das vinte sesións realizadas até o momento tiveron unha elevada participación tendo nalgúns cursos que limitar o número de prazas. Moitas das temáticas tratadas nos cursos de formación foron propostas polos propios participantes a través das avaliacións recollidas ao final dos mesmos.



**A Estación de Hidrobioloxía “Encoro do Con”** é un servizo da USC, dependente da Vicerreitoría de Investigación e Innovación, que ofrece as instalacións e os medios axeitados para o estudo dos ecosistemas acuáticos continentais. A súa creación persegue un triple obxectivo: a investigación en materia de Hidrobioloxía, a formación superior científicotécnica e a divulgación do avance científico como vía para solicitar dos cidadáns a súa cooperación na conservación do medio natural.

Neste equipamento é onde o Proxecto Ríos realizou os seus cursos de formación nestes últimos anos.

Enderezo e ligazón: <http://www.usc.es/ehc>  
Castroagudin - Cea. 36617 Vilagarcía de Arousa. Pontevedra  
Tfn: 986 56 56 40 Fax: 986 50 35 43



## Saídas formativas

As saídas formativas son sesións de traballo teórico-práctico que se desenvolven a pé de río con aqueles grupos que non puideron asistir aos cursos de formación ou que, aínda que o fixeron, demandan unha formación máis personalizada. As saídas formativas adóitanse facer cun ou varios grupos dunha mesma bacía.

Nelas realízase unha inspección guiada por unha educadora ambiental do Proxecto Ríos seguindo o manual e resolvendo aquelas dúbidas que poidan ter sobre a metodoloxía de inspección e o seu desenvolvemento.

Realízanse unha media de 40 saídas ao ano tentando dar prioridade sempre aos novos grupos.



**ATURUXEIRO**  
**DE BRAVOS**  
 ACRD

**PACO BAÑOBRE**  
 COORDINADOR GRUPOS DE PROXECTO-RÍOS  
 REDE DE CUSTODIA FLUVIAL  
 INSPECCIÓN NO RÍO DE BRAVOS

SABADO 21 XUNO  
 SAIDA DO LOCAL SOCIAL DE BRAVOS OUIROL  
 10:30H

proxectorios  
 ADEGA Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

Conforna do  
**Río Gallo**

Aula didáctica  
 Baseada no río con Adega

Sabado 23 ás 10 h  
 Praza das Arbores - Cuntis

**SÁBADO 5 DE OUTUBRO ÁS 11 DA MAÑÁ**  
**INSPECCIÓN DO RÍO ESTEIRO**  
 (Leiba-Ortigueira)

Dentro do 'Proxecto Ríos'  
 Conferenciamos con Paco Bañobre,  
 Técnico de ADEGA e Coordinador de  
 Grupos do Proxecto Ríos

**rio Esteiro**

Sitio de encontro:  
 Sur Teia-Cube do Sarqueiro  
 no cruce do esteiro e bares  
 (c/a xeral Ferrás-Vieira)  
 ás 10:30

Telefónos de contacto:  
 653 70 44 54 - Ricardo  
 650 41 78 48 - Iria

Organiza: **proxectorios**

**CAMPAÑA DE INSPECCION DOS NÓSOS RÍOS**  
**DOMINGO 23 DE XUÑO 2013**  
**RÍO SOR. A Furada - Ponte Colgante**  
**LUGAR: PONTE COLGANTE (MAÑÓN)**

**11:00 Inspección do Río Sor**  
 Análise deste tramo do Río Sor encadrado na iniciativa "Proxecto Ríos" da Asociación Ecoloxista ADEGA, coordinado por Eñi Penabade (bióloga e monitora do Proxecto Ríos)

**Topónimos, contos e lendas do Río Sor e as súas ribeiras**  
 Bernardo Penabade amosaranos a súa sabedoría acerca do Río Sor e de todo o que o rodea, así coma as lendas que sobre el circulan

Contacto:  
 620417848 / 626883488  
 info@osondosoras  
 asociacion.nordes@gmail.com

Organiza:  
**proxectorios**

Colabora:  
**ADEGA**  
 Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza



**Rede CAVE  
Augas de Galicia**

É unha rede de Calidade de Augas e de Control de Vertidos ao Dominio Público Hidráulico para o control e vixilancia dos ríos. Conta cun total de 39 estacións distribuídas nas bacías de Galicia Costa.



**Rede SAICA  
Confederación  
Hidrográfica Miño-Sil**

Ao igual que a Rede CAVE permite a diagnose de calidade das augas da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Dispón na bacía do Miño-Sil de 13 estacións automáticas de Alerta (EAA).





Os encontros anuais  
acollen actividades  
diversas, charlas,  
roteiros, exposicións, etc.



# ENCONTRO DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL

O Encontro de Voluntariado Ambiental do Proxecto Ríos pretende dar voz aos participantes do Proxecto Ríos, fomentar o coñecemento entre as diferentes entidades e ser o espazo onde compartir as experiencias e as actividades que se están a desenvolver.



Realízase unha vez ao ano nun concello, que se destaque pola implicación deste, ou dunha entidade local no seu traballo cos ríos. A xornada da mañá adícase a unha temática central de relevancia e a continuación diversos grupos do Proxecto Ríos presentan as súas experiencias. Na sesión de tarde, logo dun xantar de confraternización, realízase unha visita a un río acompañados dalgún dos grupos locais, que nos amosan as súas actuacións.

Nos cadros das páxinas seguintes aparecen os lugares, datas, persoas e grupos que participaron nos encontros realizados ata o momento.



Data	Lugar	Ponente	Grupos participantes	Río/ lugar
26 de xuño 2005	Ames	Os ecosistemas fluviais e o Proxecto Ríos Fernando Cobo e Pablo Meira	Enxeñaría sen fronteiras Voluntarios de ADEGA-Compostela Voluntariado do Concello de Ames Familia Gonzalez-Avión	Río Sar
17 de xuño 2006	Lalín	A flora e a vexetación dos ríos de Galicia Javier Amigo	IES Terras de Xallas de Santa Comba, Asociación de Troiteiros do río Furelos de Melide, Grupo ecoloxista ADENCO (Asociación para a Defensa da Natureza do Condado), de Pontearreas, IES Lucus Augusti de Lugo, Voluntarios do concello de Lalín e do Val Miñor.	Río Deza
16 de xuño 2007	Lourizán	A fauna piscícola galega Fernando Rodríguez Brea	David Brown (Integra Futuros) IES Chan do Monte Asociación pola Defensa do Val do Liñares, Adela Figueroa proxecto de intercambio IES Lucus Augusti co centro de Ensino de Chaves (pt) Asociación de Voluntarios Val de Louriña (VAL) Asociación Cultural o Fervedeiro Concello de Cuntis, río Gallo Jesus Vales presentou un documental sobre a bomba Residual nos Muíños de Currás no Concello de Vilanova de Arousa	Finca de Lourizán

Cartazes de varios encuentros anuais do Proxecto Ríos



14 de xuño 2008	Melide	A adopción dos ecosistemas fluviais, proxectos de custodia do territorio Silvia Gili (Projecte Rius)	Sociedade deportiva e pesca Ponte Mazaira Proxecto Esmelle ANPA do CEIP de Cervo CIFP A Granxa de Pontearreas Asociación de Troiteiros do río Furelos. Tamén contamos coa achega dos pósteres da Asociación Néboa de Neda.	Río Furelos
20 xuño 2009	Compostela	Museo do Pobo Galego Patrimonio etnográfico fluvial Manuel Caamaño	CPI Víaño pequeno Pier Vieira coordinadora do grupo do río Brexa (entre Carral e Cambre) C.E.S. (Colectivo Ecoloxista do Salnés). ALUME, asociación luguesa de axuda a enfermos mentais Proxecto Home Lugo amosaron o seu traballo no río Rato en Lugo Barcas do Miño Manuela e José Luis: participantes de Burela nos Campos do Tea	Río Sarela
5 de xuño 2010	Cambre	Custodia fluvial e participación cidadá Andrea Munita, Nacho Cloux e Ramsés Pérez.	Asociación Néboa Asociación O Rabo do Galo Plataforma pola Defensa do Río Mero IES A Piringalla de Lugo Bolsesiros da Oficina de Medio Ambiente da UDC AETNA	Río Mero



# TV Encontro do Voluntariado Ambiental do Proxecto Ríos

Edificio Multiusos, Melide, 14 xuño de 2008

10.00 Recepción de participantes

10.30 Sesión inaugural

Socorro Cea Vázquez Alcaldesa de Melide  
Virginia Rodríguez Coordinadora do Proxecto Ríos

11.00 A adopción dos ecosistemas fluviais;  
proxectos de custodia do territorio

Silvia Gill, Coordinadora do Proxecto Ríos

12.00 Presentación de experiencias, comunicacións e audiovisuais

14.00 Proxección do documental

"Os mares doces de Galicia" Manuel E. Garci

14.30 Xantar Popular no río Furelos

16.30 Proxección do documental

"Xares :o río que nos leva" Pedro Prada

17.30 Roteiro polo río Arnego

O Proxecto Ríos é unha iniciativa que pretende fomentar a participación activa da sociedade na conservación e mellora dos ríos.

Os Encontros de Voluntariado Ambiental do Proxecto Ríos, pretenden ser o lugar de encontro do voluntariado que está a participar no proxecto e o espazo donde compartir as experiencias e as actividades que se están a desenvolver nos distintos concellos.

+ Info:

[www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)

650 261 283

Organiza:



Colaboran:



Foto: V. Sánchez, Proxecto Ríos




Os encontros anuais acollen actividades diversas, charlas, roteiros, exposicións, etc.



esta 10 ANOS proxecto

# 2014. FESTA DOS 10 ANOS DE PROXECTO RÍOS



O 29 de xuño de 2014 celebrouse o décimo aniversario do Proxecto Ríos. Desenvolveuse esta efeméride na área recreativa de Tapia, no Concello de Ames, ao carón do río Tambre, no mesmo concello no que se realizaron os primeiros encontros de voluntariado.

O espazo da festa decorouse con diferentes elementos, fotografías dos grupos de voluntarios e voluntarias que durante esta década participaron nas diferentes actividades desenvolvidas arredor dos nosos ríos, fotografías de fauna e flora dos ríos, un mapa cos grupos que están a participar na actualidade no proxecto, cartaces dos cursos de formación, roteiríos, campos de voluntariado, encontros de voluntariado; unha pancarta conmemorativa do evento, un fotomatón para que grandes e pequenos se puidesen retratar custodiando os ríos galegos; em definitiva, elementos propios dunha festa polos nosos ríos.

A celebración durou todo o día, e houbo diferentes actividades ambientais e culturais.

Roteiro polo tambre

Espectaculo de maxia e malabares a cargo de Roi "O Cagabolas"

Concerto Trío Xonxas

Obradoiro de cestería natural e de rastros e pegadas

Contacontos con Anxo Moure

Obradoiro de baile da agrupación folclórica Follas Vellas















# ROTEIRRÍOS

Roteirríos é un programa de itinerarios organizado polo Proxecto Ríos que pretende unir ríos e persoas, tentando achegar os cursos fluviais á cidadanía nun ambiente lúdico, así como dar a coñecer o patrimonio natural, social e cultural asociado.

Ao longo dos últimos anos percorremos un total de 18 ríos e podemos apreciar de primeira man a riqueza natural e cultural que acollen os cursos fluviais galegos.



Ademais do programa monográfico Roteirríos, o Proxecto Ríos realiza roteiros noutras actividades como os Encontros de Voluntariado e os Campos de voluntariado do río Tea, Encontro Itinerante Inter-ríos, Proxecto de Custodia Fluvial Ulla Umia Lérez, etc.




Ano	Temática	Datas	Ríos	
2007	Ríos e mobilidade	24 de febreiro	Río Louro e río Lima	Dedicado a percorrer ríos dende a perspectiva que nos dan os medios de transporte respectuosos co medio. A bici e o kaiak foron uns dos medios escollidos.-
		24 de marzo	Río Tea	
		14 de abril	Río Miño	
		23 de xuño	Río Miño	
2008	Ríos e Rede Natura 2000	8 de marzo	LIC Río Tambre	Moitos dos ríos galegos están incluídos en LICs da Rede Natura, agochando un extenso patrimonio fluvial. Con esta proposta achegamos a cidadanía a estes espazos de gran importancia ecolóxica.
		26 de abril	LIC Río Ulla	
		24 de maio	LIC Macizo Central	
2009	Ríos e patrimonio etnográfico	14 de marzo	Río Grande. Batáns de Mosquetín	Os elementos patrimoniais están presentes en numerosos ríos de toda Galiza. Achegámonos a diversos lugares para coñecer máis de perto curtidurías, muíños, batáns, pasos, ferreirías, etc.
		25 de abril	Río Arnoia. Parque etnográfico do Arnoia	
		16 e 17 de maio	Río Folón Muíños do Folón (O Rosal) e Río Tea Serradoiro dos Carranos (Covelo)	
2010	Ríos de montaña	13 e 14 de marzo	Río Grande e río Mao	As montañas son os lugares onde a auga agroma para formar os cursos fluviais, constituíndo unha peza fundamental para a súa conservación.
		25 e 26 de setembro	Río Xares	
2011	Restauración fluvial	2 abril	Río Tamuxe	A temática escollida foi a restauración fluvial xa que existen restauracións que empregando materiais e métodos sostibles tentan que o impacto sobre os ríos sexa o menor posible.
		9 e 10 xullo	Ríos da Comarca de O Bierzo	

Ano	Temática	Datas	Ríos	
2012	Programas de seguimento	25 de febreiro	SARGA, equipamento da Eira da Xoana. Río Ulla	Coñecemos diferentes programas de seguimento que se están a desenvolver na Galiza, centrados nos ecosistemas fluviais.
		17 de marzo	Rastros e pegadas, equipamento da Eira da Xoana. Río Ulla	
2013	Ríos de Biodiversidade	28 de abril	Río Lézez	Percorremos ríos que acollen un importante valor ecolóxico.
		11 e 12 de Maio	Río Mao	
		26 de outubro	Río Limia	
2014	Ríos e patrimonio mineiro	12 de abril	Río Tambre	A minaría foi unha das principais actividades humanas. A extensa rede hidrográfica do noso país foi esencial para o desenvolvemento desta industria.
		10 de maio	Río Soldón	
2015	Ríos en Lugares de Interese Comunitario	19 de abril	Río Támega	Descuberta do patrimonio natural e cultural do río Támega ao seu paso por Verín, LIC da Rede Natura 2000.

# Poteirríos 2013

Río Limia (Concello de Rairiz de Veiga)

sábado 26 de outubro



## A Limia

### Programa

O Poteirríos de outono estará aliado desta volta a coñecer diferentes iniciativas locais do concello de Rairiz de Veiga.

No camiño, realizaremos un camiño pela ría Limia e descubriremos tamén unha iniciativa de restauración realizada nunha das áreas de Sumián. A visita será guiada polo biólogo e restaurador do ecosistema Diego R. Viqueira (Verdegala).

- 10:30 Encontro na Vila de Limia (Estación de autobuses)
- 11:00 Comezo do roteiro na Ponte do Rúa (Praza Municipal)
- 14:30 Parada para xantar en "Cafaría de Eireña" (A Salina)
- 16:00 Visita ás áreas de Sumián
- 17:30 Observación de aves
- 19:00 Remate da actividade

Iniciativa Organiza Promove Colabora + info e inscricións



# Poteirríos 2014

Río Tambre (Concello de Noia)

sábado 12 de abril



## Río Tambre

### Programa

O Poteirríos de primavera estará aliado desta volta a coñecer o río Tambre e a flora animal nos seus distintos ecosistemas locais.

Realizaremos a Pesca de Xove e o laberinto de Río Lado, lugares de interese para a Rede Natura 2000, e descubriremos a súa biodiversidade.

- 10:30 Encontro na Central (Praza de Noia)
- 11:00 Presentación e roteiro até a Pesca de Xove
- 14:30 Xantar na Central da Central
- 16:00 Visita ao Laberinto de Lado
- 17:30 Observación de aves
- 19:00 Remate da actividade





Para máis info, vai a web


Iniciativa Organiza Promove + info e inscricións





## Concellos visitados neste decenio

-  Roteiríos
-  Saídas formativas
-  Encontros de voluntariado
-  Limpezas de río









## O PROXECTO RÍOS NOS MEDIOS

Ao longo destes anos de andaina o Proxecto Ríos tivo unha ampla difusión nos medios de comunicación. Dende prensa escrita, radio ou televisión ata internet, as actividades e a participación de voluntarios e voluntarias ambientais quedou reflectida en numerosos formatos. Cunha media de 50 novas anuais, o Proxecto Ríos foi obxecto de varios documentais para o programa Natureza emitido pola TVG, así como varias reportaxes en diferentes canles.

Prensa escrita e radio foron os medios que máis trouxeron a atención das actividades. Radio Galega, SER, COPE, RNE, LIDER... Radio Cerna, foron algúns dos días que divulgaron as nosas actividades.

En canto a prensa escrita cremos que non houbo ningún medio que non se fixera eco das chamadas e mesmo en varias ocasións actividades do Proxecto Ríos foron a imaxe de numerosas capas das edicións galegas ou locais.

Esta repercusión nos medios fixo que as actividades, en moitos casos limitadas a pequenos grupos, chegasen a moita máis xente que se ten interesado polo proxecto. Este efecto multiplicador dos medios débese ao importante papel que os xornalistas xogan na difusión das propostas e achegalas á cidadanía.



Presentación do manual de custodia fluvial co director de Augas de Galicia no ano 2015.

**FARO DE VIGO**

Level **Galicia** Actualidade Deportes Economía Opinión Lezer Vida e Estilo Comunidade Multimedia Servicos

Un 'ribera' Reserva a precio de Crianza **48€ 50%**

**Cuponísimo**  
**Menú marineru para 2**  
 ANTES 67€ -53% **32€**  
 Más ofertas en cuponismo.farodevigo.es

**Os grupos de voluntariado recollen máis de 700 quilos de lixo en ríos da Estrada**

San e Carlos Rivas de Vasa e de Liliara. En Fomares colléitamos 20 quilos no río Castro. É o resultado do balance de 2014 do Proxecto Ríos, publicado por Adega.

San Fomares | A Estrada | 13.02.2014 | 04:05

A conservación dos espazos naturais debería ser o resultado dunha alta conciencia social co medio ambiente. No entanto, de canto en canto sucede así. É aquí onde cobran especial relevancia os grupos de voluntariado que se concentran oporámas a un lugar e organizan iniciativas para levar a cabo limpeza do contorno. Neste contexto, o Proxecto Ríos acaba de presentar o informe anual que recolle os datos relativos ao pasado exercicio. Así as cousas, o balance de que na Estrada se limpou 740 quilos de lixo, extráidos principalmente das correntes Rivas de Vasa e do Liliara. Os colectivos que figuran detrás destas cifras son a Asociación A Xestera e a Asociación Pola Defensa do Val do Liliara.

O documento tamén rexistra datos doutros municipios da comarca de Taboada-Terra de Montes, caídos Concello de Fomares. Nesta zona, os datos son menos significativos, ao indicar que en 2014 limpáronse 20 quilos de lixo, extráidos da carne fluvial do río Castro. Nesta ocasión, os protagonistas na

**Deza-Tabeirós-Montes**  
 Leccións para unha vida en común

**FARO DE VIGO**

Level **Galicia** Actualidade Deportes Economía Opinión Lezer Vida e Estilo Comunidade Multimedia Servicos

Un 'ribera' Reserva a precio de Crianza **48€ 50%**

**Cuponísimo**  
**Menú marineru para 2**  
 ANTES 67€ -53% **32€**  
 Más ofertas en cuponismo.farodevigo.es

**O informe 'Proxecto Ríos 2013' constata un nivel moi baixo de hábitat no Saifias**

É a única parte da comarca que aparece na inspección anual que realiza o grupo ecologista Adega EAMTroyer sobre cauce e a súa contorna, ao que non lles chega suficiente.

Ondre O. Cangas | 13.02.2014 | 10:48

O hábitat dun río está marcado fundamentalmente pola calidade da súa auga, e tamén polo substrato do fondo ou a cobertura de vexetación acuática. O informe que desde 2004 realiza de forma anual a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (Adega) baixo o nome de Proxecto Ríos non deixa, en bo lugar, no balance de 2013, a Comarca de Saifias, que discorre por Celis e desemboca na zona de Rodeiros. É un do caso ríos galegos que figuran con pouco nivel de hábitat e no cadro resumido de inspeccións correspondentes á comarca das Rías Baixas, este río figura con hábitat deficiente. Co Saifias tamén aparece con moi baixo nivel, na primavera, os ríos Noya (Barral),

**O Morrazo**

**La Región** **Baixa Limia**

SUPLEMENTE GDLI GALICIA ESPAÑA OPINIÓN DEPORTES TENDENCIAS MUNDO ECONOMÍA SOCIEDAD GENTE VÍDEOS GALERÍAS AGENCIA

**ULTIMA HORA** 9:22:02 h. La Audiencia Nacional admite a trámite la querrela por los cobros de más de las eléctricas

**BUSCADOR**

**Un equipo del 'Proxecto Ríos' inspeccionará el cauce del Arnoia**

Una veintena de voluntarios participará mañana domingo en una salida para conocer, analizar e inspeccionar el estado del río Arnoia a su paso por Alzara. La iniciativa se enmarca dentro de la campaña de primavera del Proxecto Ríos y persigue la concienciación, educación y participación de la ciudadanía en defensa de los ríos gallegos. La salida está prevista para las diez de la mañana frente a la depuradora, en la carretera de Celanova, y permitirá un control pormenorizado de sus características y estado, tanto del caudal como de la flora y la fauna que lo rodea.

**LIBRO DEPÓSITO**

La villa del Arnoia será escenario, a su vez, del VIII Encuentro de Voluntariado del Proxecto Ríos para el Medio Ambiente, que tendrá lugar el día 16 de noviembre en el Centro Cultural de Alzara.

**VIDEOS DESTACADOS**

Galicia comparte e intercambiamos experiencias.

**ROUTE, CHARLAS Y VISITAS**

Durante la jornada, habrá conferencias de grupos de voluntarios relatando sus experiencias específicas, como la de un representante de la Sociedade Galega de Conservación, que hablará sobre las aves en las dragas de ríos, un video y la visita al Festival Internacional de Xaralén, que está dedicado al agua.

**La Voz de Galicia.es**

Actualidade 12:21 h, miércoles, 3 de noviembre de 2014

**NATURALIZA**

**O Proxecto Ríos, un paso adiante na protección das correntes galegas**

A finais de outubro Adega de Galicia e Adega presentaron un manual para traballar con máis agarrino e eficacia na limpeza e custodia dos recursos hídricos

CRÉDITO: GAL. NATUREZ. CONSERVACIONISMO.COM

05 de novembro de 2014 12:29

**LIBRE ELECCIÓN DE TALLER**  
 Seguro de AUTO  
 Desde 32%  
 con Seguros.com

**SABER MÁIS...**  
 Como sacar da auga máis de 12.000 quilos de lixo nun só día

Información participada dentro do programa de Adega para a limpeza do río. No río Arnoia en Alzara (Baixa Limia) participaron máis de 20 voluntarios.





# O PROXECTO RÍOS POLO MUNDO ADIANTE

A asistencia a estes eventos ben sexa como participantes, ponentes, moderadores, etc, supón para o Proxecto Ríos unha parte fundamental do seu traballo ao intercambiar coñecementos, ideas e experiencias sobre todas estas cuestións.

Non deberíamos esquecer que o Proxecto Ríos naceu ao compartir cos compañeiros da Associació Hàbitats as Xornadas de Auga de Alicante no ano 2004.

Nesta década o Proxecto Ríos participou en numerosos foros relacionados cos ríos, o voluntariado e a educación ambiental, así como noutros espazos que abordan aspectos vinculados aos ríos nas súas moitas vertentes: restauración, custodia fluvial, etc.

Alí comprobamos que a proposta de ADEGA para a actuación en ríos coincidía perfectamente co programa que o Projecte Rius levaba adiante. A adaptación do proxecto á realidade galega non só foi proveitosa para nós senon tamén para o Projecte Rius de Catalunya, ao permitirnos a ambos poder compartir proxectos como Ríos de Lingua e Cultura, entre outros.







Outras xornadas, como as que partillamos cos compañeiros portugueses da Aspea (Associação portuguesa de educação ambiental), permitiron implantar a iniciativa no seu territorio e así foi creándose unha rede que deu lugar á Rede Ibérica do Proxecto Ríos.

As xornadas de custodia do territorio nas que temos participado facilitounos o emprego desta valiosa ferramenta de xestión do territorio nos ecosistemas fluviais..



# calendario 2010

RÍOS DE VIDA NO ANO DA BIODIVERSIDADE

Dende o ano 2007  
publicase un  
calendario, onde se  
reflicten as actividades  
programadas para o  
ano en curso.



# COMUNICACIÓN

A comunicación cos participantes do Proxecto Ríos vehiculouse fundamentalmente a través de dúas vías: o correo postal e o correo electrónico -a web, o boletín mensual Gardarríos dixital e a listaxe de mails.

## Correo postal

### CalendaRío

Imanaque anual que recolle aquelas actividades principais relacionadas co Proxecto Ríos: comezo e remate da campaña, cursos de formación, etc. O CalendaRío ten unha temática anual que recolle en imaxes algúns dos aspectos que durante ese ano se traballan: especies exóticas invasoras, voluntariado ambiental, etc.

### Carta cos reactivos de inspección

Dúas veces ao ano, coincidindo coa campaña de primavera e outono, envíase aos participantes do Proxecto Ríos unha carta cos reactivos correspondentes a esa campaña así como outra información que lle poida ser de interese ou que poida ser difundida por eles: cursos de formación, encontro anual, roteirríos, etc.

## O Proxecto

[Qué é?](#)[Estrutura e obxectivos](#)[A inspección de ríos](#)[A Adopción de ríos](#)[Rede Proxecto Ríos](#)[Descargas](#)[Informe anual](#)

## Espazo para o voluntariado



proxectoríos  
Iniciativa cidadá de acción de Proxecto Ríos

Formulario de Aprobación  
Nome:   
Correo:   
Contraseña:   
Confirmar:

xeovisor  
do Proxecto Ríos

Custodia Fluvial

## Manual de custodia fluvial



### Portada

#### Novo folleto sobre especies invasoras



ESPECIES EXÓTICAS AMEAZAN  
A NOSA FAUNA AUTÓCTONA

ADEGA ven de editar dous folletos para alertar unha vez máis sobre a problemática das especies invasoras.

Os folletos forma parte do plan de divulgación do proxecto "Rede de voluntariado ambiental para a eliminación de especies invasoras en ecosistemas acuáticos", que conta co apoio do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a través da Fundación Biodiversidad. Grazas a esta iniciativa ADEGA realiza ao longo deste ano diferentes actividades relacionadas coas especies exóticas invasoras. En marzo se realizou unha **xornada de eliminación de invasoras no río Liñares** con voluntariado ambiental e nos próximos meses celebraranse outras dúas xornadas similares.

O folleto pode solicitarse en papel no local nacional de ADEGA ou descargalo en pdf. ADEGA solicita a aquelas persoas que localicen algunha destas especies que reporten estes datos, poñéndose en contacto no tlf 981 57 00 99 ou no correo [adega@adega.gal](mailto:adega@adega.gal)

**Fauna invasora**

**Flora invasora**

## Contacto via internet

### A web de Proxecto Ríos

O Proxecto Ríos dispón dunha ligazón, [www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org), na que se da conta de todas aquelas actividades que se van realizar e na que habitualmente se suben as crónicas das actividades desenvolvidas, así como as fotos das mesmas.

### Boletín mensual Gardarríos dixital

Mensualmente, os participantes do Proxecto Ríos reciben un boletín que os informa daquelas actividades máis destacadas relacionadas co Proxecto Ríos e os ríos en xeral. No ano 2014, déuselle unha nova imaxe ao Gardarríos, máis versátil, que ademais das tres novas habituais do vello Gardarríos permite poñer eventos destacados, novas diversas, etc.

Nos anos de andaina do Proxecto Ríos enviáronse máis de 100 Gardarríos e superáronse as 300 novas relacionadas cos ecosistemas fluviais.

### Listaxe de correo

Ademais, dende o Proxecto Ríos envíanse novas puntuais sobre eventos destacados.

Todas aquelas persoas que están interesadas en recibir información do Proxecto Ríos poden enviar un mail a [info@proxectorios.org](mailto:info@proxectorios.org)





Xuntanza de traballo da Rede Ibérica do Proxecto Ríos en 2009 en Cantabria



# TRABALLAMOS EN REDE

Unha das características do Proxecto Ríos é a súa implicación na creación ou participación en redes, nomeadamente de entidades de voluntariado ambiental.

O Proxecto Ríos foi unha das entidades impulsoras da Rede Ibérica do Proxecto Ríos, agrupación que ten entre as súas funcións o intercambio de metodoloxías, o intercambio de coñecementos e experiencias de voluntarios/as; apoio técnico para o desenvolvemento de novas iniciativas, así como o deseño de actividades conxuntas e a coordinación de diferentes iniciativas de custodia fluvial. Cada entidade, traballando dende os respectivos territorios, suma a súa experiencia e esforzos para a conservación dos ríos.

A participación no Seminario de Voluntariado en Ríos do CENEAM axudounos a coñecer cal é a realidade dos diferentes programas que unen ríos e persoas no resto dos territorios do estado e aportar a nosa experiencia, así como aprender doutras entidades que perseguen unha finalidade similar.







A custodia do territorio permite conservar os valores naturais, culturais e paisaxísticos dun espazo



# CUSTODIA FLUVIAL


A custodia do territorio, e nomeadamente a custodia fluvial, é unha extratexia de conservación que comeza a implantarse en Galiza. É un instrumento que implica a participación de moitos actores da sociedade civil organizada (propietarios de terreos, cidadanía en xeral e tamén empresas privadas). O Proxecto Ríos impulsou e colaborou nos últimos anos en diversas iniciativas de custodia fluvial.

Os Campos de Voluntariado ambiental do Tea, a creación da Rede de Custodia Fluvial Ulla Umia Lérez ou as limpezaas simultáneas de río son un bo exemplo de iniciativas de custodia fluvial.

Ligados a estes proxectos e outras iniciativas editáronse diferentes materiais entre os que destacan dúas publicacións:

No ano 2013, editouse o caderno “Custodia fluvial nas bacías Ulla Umia Lérez”. Creación dunha rede de custodia fluvial no que se recolle o proceso e os resultados deste traballo. Amósanse tamén as actuacións realizadas polas distintas entidades locais participantes da iniciativa.

En 2014 editouse o Manual de Custodia Fluvial, guía práctica para todas aquelas entidades que desexen poñer en marcha unha iniciativa neste ámbito. Neste manual, repásanse algunhas das cuestións ligadas á participación cidadá nos ecosistemas fluviaes e propóñense diversas estratexias de estudo, conservación ou restauración. A súa elaboración foi unha demanda do voluntariado ambiental do Proxecto Ríos, na que participaron os grupos máis activos.





Unha das especies sobre as que se actuou nos campos do Tea foi a mimosa (*acacia dealbata*).

## Campos do Tea



Os campos de voluntariado ambiental do Tea comezaron no ano 2007 en colaboración co Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino, dentro do programa de Voluntariado en ríos da citada entidade. Dende 2012 conta coa colaboración da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

A elección do río Tea veu motivada polo interese do Proxecto Ríos en desenvolver accións en espazos naturais de alto valor ecolóxico (LIC Río Tea), e tamén porque na contorna está a participar voluntariado do Proxecto Ríos de diferentes ámbitos (centros de ensino, asociacións, grupos ecoloxistas e particulares).

O traballo realizado no primeiro campo de voluntariado foi o punto de partida para as futuras actuacións. Durante o mes de outubro de 2007, voluntarios ambientais de toda Galiza tomaron o pulso ao río Tea. Empregando a metodoloxía do Proxecto Ríos, realizouse unha análise da saúde do río e das súas marxes e, co resultado destas inspeccións, estableceuse unha diagnose do estado do río Tea e as liñas de actuación para as accións a desenvolver durante o periodo 2008-2016.



Dos diferentes impactos atopados: vertidos, lixo, presenza de especies exóticas invasoras (EEI en diante), etc., a equipa de educadores, o voluntariado e expertos consultados, valoraron desenvolver accións encamiñadas a divulgar a problemática das EEI e experimentar métodos de erradicación. Acacia negra, falsa acacia, mimosa, tintureira, bambú, coniza e garrapatón, son as especies vexetais sobre as que se centrou o traballo dende 2008. O lugar de actuación, dende os pasos de Tatín até a ponte Cernadelas (Concello de Mondariz), abrangue unha extensión duns 3 km lineais e uns 3000 m<sup>2</sup>, nos que se eliminaron máis de 10 Tn de EEI.




2008	3 campos	Outubro
2009	3 campos	1 Maio -2 Outubro
2010	4 campos	Febreiro, Abril, Xuño e Outubro
2011	1 campo	Maio
2012	2 campos	Marzo, Maio
2013	1 campo	Maio
2014	1 campo	Maio
2015	1 campo	Maio

### Actividades realizadas

- 19 xornadas de eliminación
- 15 itinerarios guiados
- 4 limpezas
- 3 descensos en kiaiak








## Rede de custodia fluvial Ulla Umia Lérez

O proxecto de Custodia Fluvial Ulla Umia Lérez é unha iniciativa que comezou en 2010 e que contou con fondos LEADER polo FEADER, o Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER). Desenvolveuse no Grupo de Desenvolvemento Rural 20 (GDR20) que abrangue os concellos d´A Estrada, Caldas de Reis, Catoira, Cerdedo, Cuntis, Forcarei, Moraña, Pontecesures, Portas e Valga.

Durante as primeiras fases do proxecto, asociacións e entidades locais de todo tipo participaron en diferentes actividades, coñecendo os valores dos ecosistemas fluviais, así como as súas oportunidades e ameazas. Aquelas asociacións con maior iniciativa desenvolveron actuacións de custodia fluvial.







### **Muíños e Camiños na bacía do Ulla (A Estrada)**

Trátase dun proxecto que pon en valor os antigos roteiros fluviais en tres afluentes do Ulla. Foron tres asociacións as que recuperaron roteiros antigamente utilizados para poder acceder aos muíños. Así mesmo, realizáronse traballos de eliminación de especies invasoras.

A Asociación para a Defensa do Val de Liñares estableceu acordos de custodia cos veciños para eliminar unha mancha de mimosa nas marxes do río Liñares. Tamén se plantaron especies autóctonas de bosque de ribeira.

A Asociación Cultural A Xesteira (As Nosas Músicas), no río Vea, recuperou un antigo roteiro no que se poden observar varios muíños. Tamén estableceu acordos coa veciñanza para a limpeza e a sinalización do camiño. Durante estes traballos tamén se descubriu un antigo lavadoiro que estaba cuberto de vexetación.

A Asociación Cultural Rego de Godoi, no rego de Godoi, recuperou un pequeno roteiro que conectaba varios muíños da zona, e puxo en valor un antigo lugar onde se lavaba o liño.

Todas as actuacións foron sinalizadas con balizas e paneis interpretativos onde se destacan os valores culturais e naturais dos ríos e arredores.



### Arredor da Auga (Cuntis)


Neste caso a iniciativa foi unha idea da Asociación Cultural O Fervedoiro de Cuntis. Trátase da posta en valor do patrimonio etnográfico fluvial do concello.

Recuperáronse os antigos pasos que cruzaban o río Gallo á altura de Meira, empregados polos veciños e veciñas do lugar, pero que dende facía anos estaban deitados no leito do río. Con axuda de canteiros da zona levantáronse e agora é posible volver cruzar o río Gallo.

Unha grande parte do proxecto céntrase na recuperación e posta en valor dos singulares lavadoiros fluviaes que se dispoñen ao longo do río Gallo, ao seu paso pola vila do Baño. Os numerosos lavadoiros eran empregados polas mulleres, tanto para uso privado, como para realizar o oficio de lavandeira. Hainos moi humildes, provistos dun só mazadoiro (lousa de pedra onde se refrega a barrela ou roupa sucia), e outros máis elaborados con recintos totalmente delimitados, portas e escaleiras para chegar ao nivel do río. Estes elementos son únicos en Galicia, tanto polo número deles como polas súas características. Realizáronse labores de limpeza en varios destes lavadoiros e procedeuse á recuperación dun deles.

Tamén neste proxecto se sinalizou o roteiro e se instaláron os paneis interpretativos que axudan a coñecer máis sobre o río, os elementos etnográficos e a natureza que os rodea.





### **Pesca sostible na bacía do Lérez (Forcarei)**

Este proxecto desenvolveuse no concello de Forcarei por iniciativa e colaboración de varias entidades (Sociedade de Caza e Pesca de Forcarei, Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Presqueiras, Asociación Cultural Pataqueiros de Millrada e Asociación de Mozos/as de Forcarei).

Ten dúas partes diferenciadas pero cun obxectivo común como é a conservación das poboacións piscícolas do Lérez e os seus afluentes.

A primeira actuación foi a creación dun Treito de pesca sen morte na parte alta do río Lérez para sumarse aos poucos ríos do país de pesca sostible. Grazas á vontade e axuda da Sociedade de Caza e Pesca de Forcarei e á Comunidade de Montes de Presqueiras hai un novo treito de pesca sen morte no río Lérez, cunha lonxitude de 4,9 km, o maior da provincia de Pontevedra.

Unha segunda actuación centrouse na recuperación de levadas de muíños, que serven como lugares de descanso e alevinaxe para especies de peixes da zona, o que axudará á recuperación das poboacións. Estas levadas atópanse no río Castro.

Neste proxecto, tamén se instalaron paneis interpretativos para informar das actuacións realizadas.





Dende o 2008 levan participado nas limpeza de río mais de 1500 persoas.



# LIMPEZA DE RÍOS

A crecente sensibilización da cidadanía fronte á degradación ambiental ten levado a moitas persoas e entidades a organizar limpeza de río. Malia que xa case ninguén contempla o río como un vertedoiro, aínda queda moito lixo neles. En ocasións, os refugallos presentes no río non representan un perigo para o ecosistema, pero si supoñen un impacto visual negativo (papeis, plásticos, madeiras, etc). Noutras ocasións, os materiais depositados poden supoñer unha fonte de contaminación debido ás substancias que as compoñen (pilas, aceites de coche, baterías, produtos de fitosanitarios, etc.) ou ben porque poden provocar alteracións en certos organismos.

O Proxecto Ríos vén organizando dende o ano 2007 unha limpeza simultánea de ríos, coa pretensión, non tanto de retirar moitas toneladas de lixo, que tamén, como para divulgar a necesidade de realizar unha limpeza ecolóxica. Nesta actividade participan activamente distintas entidades sociais locais como asociacións e concellos, sendo o Proxecto Ríos o nexu común da iniciativa.

Con motivo desta actuación distribúese un protocolo de limpeza de ríos que dá pautas de como se debe facer unha limpeza ecolóxica nos ecosistemas fluviais. Explicase polo miúdo que facer antes, durante e despois, así como que facer coa “suposta maleza” que moitas veces está presente nos ríos.

No seguinte cadro pódese ver o número de colectivos, voluntarias e voluntarios, así como os quilos de lixo retirado dos cursos fluviais.



Anos	Colectivos	Voluntarios	Kg de lixo	Data
2008	19	289	11.020	4 de outubro
2009	21	276	6.930	27 de setembro
2010	27 entidades de 25 concellos			3 de outubro
2011	48 entidades de 35 concellos	509	10.780	2 de outubro
2012	41 colectivo de 32 concellos	531	10.899	30 setembro
2013	51 entidades de 41 concellos	499	10.640	29 setembro
2014	57 entidades de 46 concellos	539	12.090	28 setembro
2015	54 entidades de 45 concellos	714	13.633	27 de setembro

Pódense ver as imaxes, resumos e entidade participantes na web da Limpeza Simultánea de Ríos:  
<http://limpeza.proxectorios.org/>

## Maleza no ríos?

Moitas veces escoitamos que “a maleza invadiu o río” ou expresións semellantes. Os ríos galegos son ecosistemas sumamente diversos e vivos e a vexetación que medra neles ten a súa función e importancia. “Limpar un río” significa retirar obxectos inertes alleos a este.



As plantas das beiras e do interior ou as follas do leito do río e mesmo as pólas e madeira morta son a base enerxética dos nosos ríos. Conservar esta cobertura vexetal é fundamental para manter aos animais que forman a base da cadea trófica nos ríos, e mesmo para dar sombra e evitar que se quente a auga. Unha árbore seca na beira dun río non é un residuo, pode ser o pousadeiro habitual dun picapeixes, refuxio de morcegos... Se unha árbore caída no río fai de presa e causa problemas nos terreos próximos (inundacións, desterreros, etc.), debemos asesorarnos e solicitar permiso para a súa retirada.

Facer unha limpeza nun río non implica deixar a ribeira como un xardín inglés ou un campo de golf. Entre a vexetación das beiras aniñan moitas aves e viven multitude de especies, entre elas o lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*). Como o seu nome indica, este fermoso réptil ten o seu “fogar” entre as silveiras, iso que algúns chaman “maleza”. Antes de cortar un silveiral, pensa no lagarto das silvas e nas outras especies; facer un pequeno carreiro é suficiente.



O lagarto das silvas ten o seu fogar niso que algúns chaman “maleza”













Dende o 2008 retiráronse do ríos preto de 70 Tn.



## EPÍLOGO

O Proxecto Ríos ten sido un referente nestes anos en todo aquilo vinculado á participación cidadá e aos ecosistemas fluviais. O Proxecto Ríos cumpriu o seu obxectivo de achegar a milleiros de cidadás os nosos ríos e amosarlles os seus valores e problemáticas.

Unha vez cuberta esta primeira premisa de achegar a sociedade galega aos ríos, entendemos que alén de seguir con esta tarefa ante novos actores toca, nos anos vindeiros, compaxinar esta tarefa coa de poñer en marcha proxectos de divulgación e conservación, ben dende o propio Proxecto Ríos, como en parceira con outras entidades como xa se fixo co Proxecto Tea e o Proxecto Casteixas en colaboración co Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño (MARM) e a Obra Social de Caixa Catalunya, respectivamente.



800 MANUAIS  
 20 CURSOS DE FORMACIÓN  
 400 GRUPOS  
 5000 PERSONAS  
 SAÍDAS FORMATIVAS  
 4007  
 2000 FICHAS  
 LIMPEZAS DE RÍO  
 250 RÍOS





proyecto  
ríos

INFORME ANUAL  
RIBERA DE BOSQUE DE RIBERA  
GRUPOS  
RÍOS  
VOLUNTARIADO AMBIENTAL  
AUGA  
MACROINVERTEBRADOS  
PARTICIPACIÓN  
FORMACIÓN





A través desta publicación queremos agradecerlle ao voluntariado do Proxecto Ríos o seu compromiso cos ecosistemas fluviais galegos. O voluntariado é a peza fundamental desta iniciativa e sen o seu labor o proxecto non tería acadado o actual alcance e repercusión. Ao longo destes 10 anos, moitos foron os voluntarios e voluntarias que se teñen sumado ao proxecto, aumentando e diversificando as propostas e accións a desenvolver nos ecosistemas acuáticos. Sen o seu compromiso e dedicación non poderíamos seguir afirmando con orgullo que “Unimos ríos e persoas”. Cumprimos un decenio con ilusión, e esperamos poder compartir outros dez anos máis con todo o voluntariado do proxecto, co mesmo compromiso da etapa anterior, apostando por unha participación activa e crítica da cidadanía galega na conservación dos ríos.

Grazas a todos e todas

Este proxecto non sería o que é, se nas suas orixes non houberen apostado por el a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible e a Dirección Xeral de Voluntariado.

Queremos agradecerlle tamén a Aguas de Galicia o compromiso co proxecto ao longo destes últimos anos, así como á Confederación Hidrográfica Miño-Sil e ao Instituto de Estudos do Territorio a colaboración nalgunha das actividades programadas baixo o paraugas do Proxecto Ríos.

# 10 ANOS

custodiando os ríos galegos

O Proxecto Ríos é unha iniciativa de Educación e Voluntariado Ambiental promovida por ADEGA, que pretende involucrar á cidadanía na conservación dos ecosistemas fluviais, proporcionando ferramentas que garantan a súa participación. Ten como obxectivo crear unha rede de cidadáns comprometidos cos cursos fluviais que desenvolvan actividades de coñecemento, vixilancia, protección e custodia dun treito de río.

Iniciativa



Coa colaboración



XUNTA DE GALICIA



Voluntariado Galego.org



GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN Y MEDIO AMBIENTE

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL